



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NEGREIRA

*Anuncio relativo á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos docentes na Escola Municipal de Música de Negreira*

#### ANUNCIO

**Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos docentes na Escola Municipal de Música de Negreira**

O Pleno da Corporación, con data de 17 de setembro de 2020, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da prestación de servizos docentes na Escola Municipal de Música de Negreira, o que se someteu a información pública polo prazo de 30 días hábiles para a presentación de eventuais reclamacións e suxerencias.

Transcorrido o prazo de trinta días hábiles sen que se presentasen reclamacións considérase aprobada definitivamente.

Publícase a continuación o texto íntegro da citada ordenanza reguladora.

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DOCENTES NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE NEGREIRA

##### Artigo 1.º.-Concepto.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da CE e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 24 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos docentes na Escola Municipal de Música e Danza de Negreira que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, atendendo ás normas ó previsto no artigo 57 do citado RDL.

##### Artigo 2.º.-Obrigados/as ó pagamento.

Están obrigados/as ó pagamento das taxas reguladas nesta Ordenanza as persoas que soliciten a prestación dos servizos docentes que se imparten na Escola Municipal de Música e Danza de Negreira.

##### Artigo 3.º.-Contía.

1. A contía das taxas reguladas nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte para cada un dos distintos servizos ou actividades.

##### 2. Tarifas:

CONCEPTO	CURSO 2020-2021	SEGUINTE CURSOS (sen prexuízo de actualizacións)
Matriculación	24,00 €	30,00 €
Música e movemento 1 (4-5 anos)	14,57 €	18,21 €
Música e movemento 2 (5-6 anos)	14,57 €	18,21 €
Iniciación á linguaxe musical 1 (6-7 anos)	24,28 €	30,35 €
Iniciación á linguaxe musical 2 (7-8 anos)	26,40 €	33,00 €
Linguaxe musical 1	29,13 €	36,41 €
Linguaxe musical 2	29,13 €	36,41 €
Linguaxe musical 3	29,13 €	36,41 €
Linguaxe musical 4	32,00 €	40,00 €
Adultos 1	26,40 €	33,00 €
Adultos 2	26,40 €	33,00 €
Só instrumento/canto	26,40 €	33,00 €
Coro (clase colectiva)	8,00 €	10,00 €
Conxuntos tradicionais (clase colectiva)	8,00 €	10,00 €
Segundo instrumento	16,00 €	20,00 €

O importe da matrícula será o indicado para todos os cursos.

Naqueles casos en que, nun mesmo curso, se inscriban dous ou máis membros da mesma unidade familiar, aplicarase unha bonificación do 50% sobre as tarifas anteriormente citadas, a partir do segundo e sucesivos membros, quedando suspendida a mencionada bonificación no caso de alteración das circunstancias con posterioridade ó comezo das clases.

3. En cursos académicos posteriores as tarifas precedentes incrementaranse na porcentaxe do IPC ou concepto similar que publica o Instituto Nacional de Estatística, en tanto o Centro non acade o nivel de Centro de Estudos Musicais Profesional de Grao Medio.

#### **Artigo 4.º.-Exencións e bonificacións.**

En cumprimento do disposto polo artigo 9 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, non se prevén exencións nin bonificacións na taxa regulada por esta Ordenanza, agás as expresamente contempladas na mesma.

#### **Artigo 5.º.-Devengo, liquidación e ingreso.**

O pago das cotas efectuarase mensualmente por vía bancaria a favor da Tesourería municipal. O alumnado da ensinanza en Conservatorio oficial de grao medio deberá presentar xustificante bancario do pago das taxas correspondentes.

#### **Disposición final**

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ó da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Negreira, a 06 de novembro de 2020.

Manuel Ángel Leis Míguez

Alcalde-presidente

2020/8158